

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22 DE OUTUBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e dous de outubro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste, con escusa, dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15 de outubro de 2019**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15 de outubro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Anuncio da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo que se convoca concurso para a elección de xuíz de paz titular de Cambre. (Boletín Oficial da Provincia número 197, do 16 de outubro de 2019).

- Anuncio do 15 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se somete a información pública o proxecto de decreto

polo que se regula o informe de avaliación de edificios e se crea o seu rexistro na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 201, do 22 de outubro de 2019).

### 3º. Expedientes de contratación

#### 3.1. Proposta de prórroga do contrato baseado no acordo marco para a contratación da subministración de electricidade en alta e baixa tensión pola Central de Contratación da FEMP. Expediente número 2018/C005/000009

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de outubro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

«O Concello de Cambre, mediante Resolución de Alcaldía núm. 1950/2018, do 1 de outubro, adheriuse á Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias, co fin de poder contratar os servizos e subministracións que ofertase a citada Central, de conformidade coas condicións e prezos fixados nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita Central e as empresas adxudicatarias deles.

Con data 14 de xaneiro de 2015, a Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias adxudicou a Naturgy Iberia S.A. (antes denominada Gas Natural SDG, S.A.), con CIF A-08431090 e domicilio social en Avda. de San Luís, 77, 28003 Madrid, os Lotes 1, 2 e 3 do Acordo Marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (en adiante “Acordo Marco”), conforme á oferta presentada e de acordo coo establecido nos pregos que rexen o citado Acordo Marco.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 20 de novembro de 2018, incoou expediente de contratación correspondente á subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias.

A fiscalización do gasto foi realizada pola Intervención do Concello de Cambre con data 19 de novembro de 2018, aprobándose o expediente de contratación o día 20 de novembro de 2018.

A adxudicación do contrato baseado foi efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de decembro de 2018, á empresa Naturgy Iberia, S.A. (antes Gas Natural Servicios SDG, S.A.) , no importe anual de 760.483,39 euros (IVE incluído), cun importe total previsto (incluíndo prórroga) de 1.520.966,78 euros.

### EXPOÑO

I. Que a FEMP licitou o Acordo Marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (en adiante, o “Acordo Marco”). O Acordo Marco está dividido en 5 lotes, Península, Illas Baleares, Canarias, Ceuta e Melilla.

Na licitación, resultaron adxudicatarias as mercantís AURA ENERGÍA e NATURGY IBERIA, S.A. (antes denominada GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.) para o Lote 1 e unicamente NATURGY IBERIA, S.A. para os Lotes 2 e 3. Os Lotes 4 e 5 resultaron desertos. A formalización dos Acordos Marco produciuse o día 13 de febreiro de 2015, finalizando a súa vixencia ordinaria o 13 de febreiro de 2016.

O 14 de febreiro de 2018 prorrogouse novamente o Acordo Marco coa adxudicataria GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., finalizando a súa vixencia o 14 de febreiro de 2019.

O Concello de Cambre e NATURGY IBERIA, S.A., subscribiron o contrato baseado o pasado 30 de xaneiro de 2019, cunha duración de 1 ano, a contar desde o día seguinte ao da formalización, finalizando o 31 de xaneiro de 2020.

O Prego de cláusulas administrativas (en adiante, "PCA"), en consonancia co disposto no artigo 23.2 do Real decreto-lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, prevé na súa cláusula dezaioito a posibilidade de solicitar prórrogas nos seus contratos baseados:

*"Os contratos baseados poderán adxudicarse durante a vixencia do presente Acordo marco, incluídas as súas prórrogas. A duración máxima dos contratos baseados será de dous anos, incluíndo posibles prórrogas. Os contratos baseados poderán incluír revisión de prezos conforme co establecido no TRLCSP".*

II. Coa intención de continuar prestando a subministración de electricidade en alta e baixa tensión e así non paralizar a súa contratación, e visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal, responsable do contrato, de data 16 de outubro de 2019, propoño acordar a susbcrición dunha prórroga de 12 meses de duración, non superando o máximo de dous anos previsto no PCA.

III. A presente prórroga terá unha duración de 12 meses, concretamente desde o 31 de xaneiro de 2020 ata o 31 de xaneiro de 2021.

As condicións que deberán rexer esta prórroga serán as mesmas que as do contrato baseado e manteranse inalterables durante toda a vixencia da prórroga, tal e como se establece no PCA.

Por todo isto, en uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

#### **Primeiro.- Prórroga do contrato baseado**

O Concello acorda prorrogar o contrato baseado para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión dende o día 31 de xaneiro de 2020 ata o 31 de xaneiro de 2021, tal e como se indica na cláusula dezaioito do PCA e o artigo 23 do TRLCSP:

*Cláusula 18.4 do PCA: "Os contratos baseados poderán adxudicarse durante a vixencia do presente Acordo marco, incluídas as súas prórrogas. A duración máxima dos contratos baseados será de dous anos, incluíndo posibles prórrogas. Os contratos baseados poderán incluír revisión de prezos conforme co establecido no TRLCSP".*

*Artigo 23 TRLCSP: "A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, agás que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes."*

Durante o prazo de duración da prórroga acordada, o contrato baseado mantense vixente en todos os seus termos e condicións.

## Segundo.- Comunicación

O Concello acorda comunicar o presente acordo de prórroga á NATURGY IBERIA, S.A. (antes denominada GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.), a través da Plataforma tecnolóxica da Central de Contratación da FEMP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes a sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**3.2. Aprobación do expediente de contratación núm. 2019/C005/000011, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación, de apreciación automática (factor prezo), correspondente á “Subministración consistente no alugueiro (incluído mantemento), dun sistema biométrico para o control de presenza do alumnado e persoal docente dos cursos do Plan AFD 2019-2020 durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga aos cursos académicos 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023”**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de outubro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 11 de outubro de 2019, elaborouse pola axente de Desenvolvemento Local, (coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico), a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento de contratación para a subministración consistente no alugueiro, incluído mantemento, dun sistema biométrico para o control de presenza do alumnado e persoal docente dos cursos do Plan AFD 2019-2020 durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga aos cursos académicos 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023, cun orzamento base de licitación de 2.613,60 euros e un valor estimado de 8.640,00 euros.

Con data do 15 de outubro de 2019, asínase pola axente de Desenvolvemento Local, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, o informe técnico relativo ao inicio do expediente de contratación antedito, que contén como criterio único de valoración das proposicións o factor prezo, así como a proposta de penalidades a aplicar ao contrato e mailas condicións especiais de execución do contrato.

Na mesma data asínase pola axente de Desenvolvemento Local, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, o prego de prescricións técnicas para a contratación da subministración consistente no alugueiro, incluído mantemento, dun sistema biométrico para o control de presenza do alumnado e persoal docente dos cursos do Plan AFD 2019-2020 durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga aos cursos académicos 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023, cun valor estimado de 8.640,00 euros e un orzamento base de licitación de 2.613,60 € euros IVE incluído.

Este contrato está suxeito a tramitación anticipada, xa que se atopa condicionado á aprobación total ou parcial dunha subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, que financiará a programación de formación Plan AFD, tal como se contempla

na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, que establece o seguinte: “*poderán tramitarse anticipadamente os contratos cuxa execución material teña que comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxo financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que vaian a financiar o contrato correspondente*”.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 17 de outubro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159.6 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaria xeral e máis do interventor municipais, de data 18 de outubro de 2019, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ás competencias do Concello en materia de fomento do emprego e formación para a inserción laboral, de acordo co art. 86 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia: “*o municipio tamén poderá exercer actividades complementarias das propias de outras administracións Públicas e, en particular, as relativas a (...) ocupación e a loita contra o paro*”, co fin de executar unha subvención solicitada e pendente de aprobación por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para realizar cursos de formación ocupacional conducentes á obtención de certificados de profesionalidade, con base na orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento Plan formativo para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) na C.A de Galicia para 2019-20120, así como a Orde do 17 de abril de 2019 do mesmo organismo pola que se procede á primeira convocatoria para os exercicios 2019-2020 (DOG núm. 86 de 07/05/2019).

En concreto, trátase de dar cumprimento á obriga establecida na citada Orde, referida á necesidade de dispoñer dun sistema de control biométrico para o control do alumnado e do persoal docente dos cursos que se impartan.

Este tipo de cursos véñense realizando no noso Concello dende hai xa anos, polo que o Concello ten interese en garantir a continuidade destes servizos xa establecidos, de acordo co disposto no art. 3 da Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C005/000011, por



procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación, de apreciación automática, (factor prezo), correspondente á “Subministración consistente no alugueiro , incluído mantemento, dun sistema biométrico para o control de presenza do alumnado e persoal docente dos cursos do Plan AFD 2019-2020 durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga aos cursos académicos 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023”, cun orzamento base de licitación de 2.613,60 euros e un valor estimado de 8.640,00 euros, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.6 da LCSP.

**Terceiro:** O presente expediente de contratación está suxeito a tramitación anticipada, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público. Esta circunstancia débese a que o presente contrato está condicionado á aprobación total ou parcial dunha subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, que financiará a programación de formación Plan AFD. Por tanto, tal e como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, tanto a adxudicación do presente contrato , como as súas posibles prórrogas, quedan suxeitas á condición suspensiva da efectiva aprobación das subvencións solicitadas á Xunta de Galicia.

**Cuarto:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

**Quinto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Sexto:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes a sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 11 ao día 17 de outubro do ano que andamos, que comeza coa Resolución da Alcaldía número 2056/2019 e remata coa Resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente número 2123/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2056/2019	11-10-2019	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15 de outubro de 2019
2057/2019	11-10-2019	Memoria, documentación e emisión certificados XXVIII Exposición Micolóxica 2019

2058/2019	11-10-2019	Liquidación provisional complementaria á autoliquidación realizada por Roncesvalles Hogar, S.L., en solicitude de licenza de construción de edificio en Graduil
2059/2019	11-10-2019	Servizo de transporte en autobús saída da Semana Micolóxica (19/10/2019) e Concerto de Santa Icíá (23/11/2019)
2060/2019	11-10-2019	Contrato menor: Relator J Manuel Traba Velay, ponencia "Introdución á Micoloxía" e da sesión práctica XXVIII Semana Micolóxica 2019
2061/2019	11-10-2019	Contrato menor para servizo de comidas para o finde xuvenil en San Simón 2019
2062/2019	11-10-2019	Contrato menor actividade showcooking XXVIII Semana Micolóxica 2019
2063/2019	11-10-2019	Contrato menor para seguridade nocturna e matinal do evento Finde Xuvenil na illa de San Simón 2019
2064/2019	11-10-2019	Contrato menor para o servizo de limpeza e roupa de cama para o evento Finde Xuvenil na illa de San Simón 2019
2065/2019	11-10-2019	Contrato menor para servizo de actividades de animación para o evento Finde Xuvenil na illa de San Simón 2019
2066/2019	11-10-2019	Contrato menor para servizo de aluguer de embarcación con patrón para traslados e apoio á illa para o evento Finde Xuvenil na illa de San Simón 2019
2067/2019	11-10-2019	Subministración de medallas Concello de Cambre, na categoría de iniciación, para a carreira solidaria ADRA
2068/2019	11-10-2019	Fraccionamento de débeda do recibo 11374/192 da taxa de subministración de auga, depuración e sumidoiros e canon da Auga: Solicitude da empresa I.1952 S.L.
2069/2019	14-10-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 839,44 euros
2070/2019	14-10-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 2.511,96 euros
2071/2019	15-10-2019	Corrección de erro da Resolución 2012/2019, do 7 de outubro
2072/2019	15-10-2019	Expediente de disciplina urbanística 07/29/92 incoado a A.V.G. e outro, Talleres U. sito en Cambre.
2073/2019	15-10-2019	Recoñecemento extraxudicial de créditos correspondente a facturas por importe total de 69.600,50 euros
2074/2019	15-10-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 70.786,98 euros
2075/2019	15-10-2019	Aprobación de adiantos da nómina do mes de outubro de 2019 e proposta de mandamento de pago e pagamento da

		operación non orzamentaria a dona C.A.V. e dona R.L.V.
2076/2019	15-10-2019	Desistencia axuda lentes correctoras V.S.S.
2077/2019	15-10-2019	Denegación axuda recibos de luz por superar a unidade de convivencia o límite de ingresos establecidos
2078/2019	15-10-2019	Denegación axuda recibos luz a V.S.S. por ter dereito a unha axuda polo mesmo concepto por parte doutra administración pública
2079/2019	15-10-2019	Desistencia axuda aluguer de L.D.S.
2080/2019	15-10-2019	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a M.A.L.
2081/2019	15-10-2019	Denegación axuda aluguer a M.T. por non constituír a axuda unha solución axeitada
2082/2019	15-10-2019	Aprobación de certificacións de obra correspondentes á obra "Aparcadoiros provisionais na contorna de Vila Concepción e o campo de fútbol do Brexo-Lema, Cambre", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 27.813,18 euros, así como o seu pagamento
2083/2019	15-10-2019	Contrato menor do servizo de actividades náuticas para o evento Finde Xuvenil na illa de San Simón 2019
2084/2019	15-10-2019	Adxudicación para o "Asesoramento e dirección letrada no procedemento de despido número 0000261/2018 que se segue ante o Xulgado do Social número 4"
2085/2019	15-10-2019	Contrato menor: Relatora Purificación L C, ponencia Especies micolóxicas principais XXVIII Semana Micolóxica 2019
2086/2019	16-10-2019	Denegación axuda recibos luz a M.C.A. por existir fiador solidario fronte as responsabilidades económicas contraídas no contrato de aluguer
2087/2019	16-10-2019	Alta no servizo de axuda no fogar (O.G.N.)
2088/2019	16-10-2019	Denegación axuda recibo auga a M.E.G.
2089/2019	16-10-2019	Alta no servizo de axuda no fogar (M.A.C.)
2090/2019	16-10-2019	Alta no servizo de axuda no fogar(MD.C.M.)
2091/2019	16-10-2019	Concesión axuda alimentación básica e hixiene persoal a M.L.L. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2092/2019	16-10-2019	Concesión axuda alimentación básica e hixiene persoal a A.M.D.P. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2093/2019	16-10-2019	Denegación axuda recibo de gas a A.M.B.C. por superarse o





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		importe máximo anual para recibos de gas
2094/2019	16-10-2019	Denegación axuda material escolar a M.N.G.F. por non estar empadroada con 3 meses de antelación á solicitude no municipio de Cambre
2095/2019	16-10-2019	Denegación axuda tratamento odontolóxico a A.R.R. por superar a unidade de convivencia o límite de ingresos establecido
2096/2019	16-10-2019	Denegación axuda material escolar a J.G.M.R. por ter xa concedido o importe máximo anual para material escolar e libros de texto
2097/2019	16-10-2019	Aprobación de liquidacións do prezo público polo Programa de actividades xuvenís mes de setembro 2019.
2098/2019	16-10-2019	Subministración de material para pintado de sinalización horizontal viaria
2099/2019	16-10-2019	Concesión axuda alimentación básica e hixiene persoal a E.R.S. por importe de 900 euros anuais, condicionada ao cumprimento do proxecto
2100/2019	16-10-2019	Concesión axuda vale alimentos a P.A.M.M. por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2101/2019	16-10-2019	Concesión axuda vale alimentos a M.L.R.F. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2102/2019	16-10-2019	Solicitude axuda emerxencia social alimentos A de M.J.A.G.
2103/2019	16-10-2019	Concesión axuda vale alimentos a J.R.D.M. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2104/2019	16-10-2019	Denegación axuda alimentación S.R.R. por esgotar o número máximo de vales de alimentación anuais
2105/2019	16-10-2019	Denegación de axuda de alimentación de F.G.C. por estar en periodo de suspensión de 6 meses
2106/2019	16-10-2019	Aprobación altas e baixas admitidos escolas de actividade física e saúde outubro 2019
2107/2019	16-10-2019	Axuda emerxencia social alimentos D.L.G.
2108/2019	16-10-2019	Concesión axuda vale alimentos a S.B.B. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2109/2019	16-10-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 121.484,00 euros
2110/2019	16-10-2019	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de setembro e de profesionais e alugueiros do terceiro trimestre

		de 2019 e o seu pagamento.
2111/2019	16-10-2019	Aprobación da liquidación da liquidación do IVE do terceiro trimestre de 2019 e o seu pagamento.
2112/2019	17-10-2019	99500000018895 - Acordo inicio multas tráfico
2113/2019	17-10-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Bandedó, Brexo. Propiedade: J.M.P.S.
2114/2019	17-10-2019	Autorización á Asociación de Loita contra o Cancro para colocar unha mesa no lateral de ABANCA o vindeiro 20 de outubro de 2019, para a difusión do día contra o cancro.
2115/2019	17-10-2019	Expediente de xeración de crédito núm. 6/2019. Convenios de cooperación para o cofinanciamento do proxecto de ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do Campo da Feira e das obras de remodelación da Praza Europa (fase I).
2116/2019	17-10-2019	Aprobación conta xustificativa da subvención para Omix 2019 (Orde do 28 de decembro de 2018, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019)
2117/2019	17-10-2019	Concesión axuda vale alimentos a J.M.S.S.. por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2118/2019	17-10-2019	Concesión axuda vale alimentos a D.T.M. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2119/2019	17-10-2019	Concesión axuda vale alimentos a J.C.G.A. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2120/2019	17-10-2019	Expediente de transferencia de crédito núm. 7/2019. Subvencións municipais.
2121/2019	17-10-2019	reparos suspensivos
2122/2019	17-10-2019	Transformación do procedemento de comprobación limitada PCL 3/2018, iniciado a GAS NATURAL S.U.R, SDG, S.A, no procedemento de inspección P.I. 2/2019.
2123/2019	17-10-2019	Solicitude de licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar illada na rúa Sixto, s/n

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Apertura dun novo prazo de cinco horas para a presentación de ofertas electrónicas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público no expediente de contratación núm. 2019/C005/000007, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de apreciación automática, (factor prezo), correspondente á Subministración de materiais gráficos e merchandising da Campaña de prevención contra a violencia machista "En negro contra as violencias: Cambre en Negro"

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2019/C005/000012, por procedemento aberto simplificado abreviado, con multiplicidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática, correspondente á Subministración de consumibles informáticos para o Concello de Cambre

sendo aprobada a urxencia das propostas por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión.

**A) Apertura dun novo prazo de cinco horas para a presentación de ofertas electrónicas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público no expediente de contratación núm. 2019/C005/000007, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de apreciación automática, (factor prezo), correspondente á Subministración de materiais gráficos e merchandising da Campaña de prevención contra a violencia machista "En negro contra as violencias: Cambre en Negro"**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de outubro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o informe asinado con data do 18 de outubro de 2019 pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, no que consta :

#### **"INFORME**

**1.** *Con data do 1 de outubro de 2019, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C005/000007, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de apreciación automática, (factor prezo), correspondente á Subministración de materiais gráficos e merchandising da Campaña de prevención contra a violencia machista "En negro contra as violencias: Cambre en Negro", cun valor estimado de 15.180,00 euros e un orzamento base de licitación de 16.698,00 euros IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.6 da LCSP.*

*O anuncio de licitación do expediente, así como o anuncio de publicación dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, publicáronse na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia con data do 2 de outubro seguinte , establecéndose como data límite de presentación das ofertas o 16/10/2019 ás 23:59 horas.*

**2.** *Rematado o prazo de presentación, con data do 17 de outubro ábrese correo electrónico dunha entidade que nos informa de que intentaron presentar a oferta ás 19:25 horas do día 16/10/19, pero non puideron entrar na Plataforma por un problema de mantemento, e achegan impresión de pantalla onde, efectivamente, se constata que o servizo está interrompido.*

**3.** Ante esta circunstancia, formulouse desde a Oficina de Contratación o día 17/10/19 ás 12:00 horas petición de apertura de incidencia á Plataforma de Contratación do Sector Público, á que se enviou correo electrónico do seguinte teor literal:

(...)

**4.** Con data do 17 de outubro de 2019, ás 18:51 horas, enviábase resposta desde o servizo de Soporte da PLACSP, que se apertura na Oficina de Contratación o 18 de outubro seguinte ás 09:00 horas, e que consta do seguinte teor literal :

*“El lunes 14 de octubre a las 11:10 se insertó un anuncio en la página de inicio de la Plataforma de Contratación del Sector Público (PLACSP) en el que se informaba del corte de los servicios para realizar labores de mantenimiento el día 16 de octubre a partir de las 19.15. Este mensaje de advertencia es público y visible para todos los usuarios de la PLACSP, incluidas las empresas.*

(...)

*En este sentido, lo único que podemos indicarle es que, si así lo estima oportuno, amplíe el plazo para que el licitador pueda presentar su oferta o solicítele la copia electrónica que obra en su equipo local y lleve a cabo su incorporación en el acto de apertura del primer sobre.”*

**5.** Á vista do exposto, resulta acreditado que entre as 19:15 horas e as 23:59 horas do día 16 de outubro de 2019, data do remate do prazo de presentación das ofertas no expediente de referencia, a Plataforma de Contratación do Sector Público non estivo habilitada para a presentación das ofertas dos licitadores, o que implica que aqueles interesados en presentar ofertas tiveron cinco horas menos das indicadas no anuncio de licitación para a presentación das súas proposicións.

Á vista do exposto, tendo en conta que puideron existir outros posibles licitadores afectados pola interrupción do servizo da Plataforma, e en cumprimento dos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade, non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores, que se contemplan no artigo 1 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Abrir un novo prazo de cinco horas para a presentación de ofertas electrónicas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público no expediente de contratación núm. 2019/C005/000007, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de apreciación automática, (factor prezo), correspondente á Subministración de materiais gráficos e merchandising da Campaña de prevención contra a violencia machista “En negro contra as violencias: Cambre en Negro”, esto debido á interrupción do servizo na PLACSP por circunstancias técnicas desde as 19:15 ás 24:00 horas do día 16/10/2019 no que remataba o prazo de presentación das ofertas, o que puido afectar a posibles interesados en presentar as proposicións no presente expediente.

**Segundo:** Para os efectos anteriores, publicar o correspondente anuncio de rectificación dos anuncios de licitación e de publicación de pregos que constan publicados na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia con data do 2 de outubro de 2019.”

Tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Abrir un novo prazo de cinco horas para a presentación de ofertas electrónicas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público no expediente de contratación núm. 2019/C005/000007, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de apreciación automática, (factor prezo), correspondente á Subministración de materiais gráficos e *merchandising* da Campaña de prevención contra a violencia machista “En negro contra as violencias: Cambre en Negro”, esto debido á interrupción do servizo na PLACSP por circunstancias técnicas desde as 19:15 ás 24:00 horas do día 16/10/2019 no que remataba o prazo de presentación das ofertas, o que puido afectar a posibles interesados en presentar as proposicións no presente expediente.

**Segundo:** Para os efectos anteriores, publicar o correspondente anuncio de rectificación dos anuncios de licitación e de publicación de pregos que constan publicados na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia con data do 2 de outubro de 2019.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes a sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Aprobación do expediente de contratación núm. 2019/C005/000012, por procedemento aberto simplificado abreviado, con multiplicidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática, correspondente á Subministración de consumibles informáticos para o Concello de Cambre**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de outubro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 18 de outubro de 2019, asíñase polo administrador do sistema informático municipal, o informe técnico relativo ao inicio do expediente de contratación para a subministración de consumibles informáticos para o Concello de Cambre, durante dous anos, con posibilidade de prórrogas sucesivas anuais por outros dous anos máis, cun orzamento base de licitación de 17.404,64 euros e un valor estimado de 31.644,80 euros, que contén os criterios de valoración das proposicións, así como os criterios de solvencia esixibles, a proposta de penalidades a aplicar ao contrato e mailas condicións especiais de execución do contrato.

Con data do 18 de outubro de 2019, elaborouse polo administrador do sistema informático municipal, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, e na mesma data asíñase polo administrador do sistema informático municipal, o prego de prescricións técnicas para a contratación da subministración de consumibles informáticos para o Concello de Cambre, cun valor estimado de 31.644,80 euros e un orzamento base de licitación de 17.404,64 € euros IVE incluído.

Consta Informe de Intervención emitido o 17 de outubro de 2019 respecto da existencia no orzamento de 2019 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.22002 (material informático non inventariable).



Consta a providencia da concelleira-delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 18 de outubro de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

Consta o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria e mailo interventor municipais, de data 19/10/2019, favorable á aprobación do expediente de contratación e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo Sr. Alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019 do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, ao tratarse dunha prestación coa que se persegue acadar os medios para realizar os labores de xestión encomendadas ás distintas unidades administrativas, para poder dotar aos diferentes servizos municipais das ferramentas propias para dar un bo servizo aos cidadáns, sendo a subministración de consumibles informáticos un elemento necesario para dar cumprimento ás diversas competencias municipais á hora de prestar servizos.

Con esto queda acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C005/000012, por procedemento aberto simplificado abreviado, con multiplicidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática, correspondente á "Subministración de consumibles informáticos para o Concello de Cambre" para un período de dous anos prorrogable en sucesivas prórrogas por outros dous anos máis, cun valor estimado de 31.644,80 euros e un orzamento base de licitación de 17.404,64 € euros IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.6 da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 920.22002 (material informático non inventariable), comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

**Cuarto:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

**Quinto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma



de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Sexto:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes a sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

María Luisa de la Red Ampudia